



## Convenio de cooperación educativa entre a Axencia Galega da Calidade Alimentaria e a Universidade de Vigo para realizar prácticas académicas

### MEMORIA XUSTIFICATIVA

Manuel Rodríguez Vázquez, director da Axencia Galega da Calidade Alimentaria, **DECLARA:**

Que esta axencia ten previsto formalizar coa Universidade de Vigo o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia de catro anos.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

regular un programa de prácticas académicas externas entre a Universidade de Vigo e AXENCIA GALEGA DA CALIDADE ALIMENTARIA para facilitar a preparación para o exercicio profesional do estudiantado en áreas operativas da empresa relacionadas coa súa formación universitaria e as posibles saídas profesionais desde os estudos cursados na Universidade de Vigo. Así, promoverase o futuro desenvolvemento profesional e o acceso ao mercado laboral das futuras persoas tituladas universitarias.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:

o interese de ambas entidades por facilitar a preparación para o exercicio profesional do alumnado universitario nas áreas operativas das empresas e a súa incorporación futura ao traballo dentro da sociedade.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria en Santiago de Compostela,

